



LOURDES MACEIRAS
MÉDICA, PROFESORA E
ESCRITORA

“Teño varios proxectos de saúde pública: sobre alimentación ou atención á saúde”

M.S.S.

P ¿Un sinónimo de Galicia?

R A miña terra.

P ¿Que quería ser de pequena?

R Médica, veterinaria, bióloga ou matemática.

P ¿Segue algún lema?

R Non. Só intento ser eu.

P ¿Ten algún defecto?

R Si, claro.

P ¿E algunha virtude?

R Si, claro.

P ¿Un lugar que lle gusta?

R Calquera fronte ao mar.

P ¿Cales son os labores da Asociación Galega de Educación para a Saúde que preside?

R Ben... tivemos etapas, como todos os grupos... Agora estamos en fase de promoción da saúde.

P ¿Un proxecto de futuro?

R Varios de saúde pública, e sempre en equipo: alimentación (desde que temos memoria histórica, dado que somos o que comemos, a ver que aparece); atención á saúde (tamén



Lourdes Maceiras

Naceu en Barcelona no ano 1955 e é doutora

en Medicina e Cirurxía, especialista en Saúde Pública

É profesora na Universidade

de Vigo da área de Medicina Preventiva e Saúde Pública e

dirixe un equipo de investigación

Preside a Asociación Galega

de Educación para a Saúde e é

membro da xunta directiva da

Asociación de Saúde Pública

retrotraéndonos a tempos pretéritos); expresión da saúde e da enfermidade por medios considerados de letras e non de ciencias (eses termos son moi discutibles, pero imos deixalos así para entendernos): artes plásticas, literatura...